

## ANEXO

Expediente: R0383.  
 Interesado: Antonio Fernández Rey.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: R0385.  
 Interesado: Agustín de la Mata Martínez.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: R0475.  
 Interesado: Víctor Francisco Lores Torres.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: R0994.  
 Interesada: María del Mar López Rodríguez.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: R1119.  
 Interesado: Luís Alberto Montenegro Abalde.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

Expediente: R1269.  
 Interesado: Ildefonso Villaverde Montes.  
 Acto que se notifica: emenda de documentación.

**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*Resolución do 20 de xaneiro de 2010, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se somete a información pública o estudo de viabilidade económico-financieiro da concesión de obra pública para a redacción do proxecto, financiamento, construción e explotación de determinados servizos, non clínicos, complementarios para o novo hospital de Vigo.*

O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión do 30 de abril de 2008, declarar o proxecto sectorial para o novo hospital de Vigo, promovido polo Servizo Galego de Saúde, como de incidencia supramunicipal, conforme o establecido no artigo 22.4º da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, someteuse a información pública o proxecto sectorial para o novo hospital de Vigo, incluído o informe de sustentabilidade ambiental (*Diario Oficial de Galicia* nº 129, do venres 4 de xullo de 2008).

Por acordo adoptado na reunión do Consello da Xunta de Galicia do 12 de febreiro de 2009, aprobouse definitivamente o proxecto sectorial para o novo hospital de Vigo (Pontevedra) e declarouse a utilidade pública, así como a necesidade de ocupación para os efectos de expropiación, dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial. A dita aprobación foi publicada mediante Resolución do 12 de febreiro de 2009, da División

de Recursos Económicos (*Diario Oficial de Galicia* nº 31, do venres 13 de febreiro).

De acordo con estes antecedentes e para dar cumprimento ao previsto no artigo 112.6º, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público,

**RESOLVO:**

Someter a información pública o estudo de viabilidade económico-financieiro da concesión de obra pública para a redacción do proxecto, financiamento, construción e explotación de determinados servizos complementarios, non clínicos, para o novo hospital de Vigo.

A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (rúa Pizarro 22, 36204, Vigo), e na Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde (edificio administrativo de San Lázaro, s/n, 15703 Santiago de Compostela).

O prazo de exposición pública será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2010.

P.D. (Decreto 311/2009, Orde 15-6-2009)  
 Pablo Torres Arrojo  
 Director de Recursos Económicos

**b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE BERGONDO**

*Anuncio de aprobación inicial de estudo de detalle.*

O alcalde en funcións, segundo o Decreto 1042/2009 deste concello, por Resolución nº 2/2010, do 5 de xaneiro de 2010, aprobou inicialmente o estudo de detalle para fixación de rasantes e ordenación de volumes na parcela sita no lugar de Sobre a Igrexa, Guísamo, Bergondo, redactado polo arquitecto Luís Portela Montero, visado polo COAG o 18 de novembro de 2009 e promovido por Mª Jesús Beceiro Rico, en representación de *Promociones Becebre, S.L.* e acordou a suspensión do outorgamento de licenzas no ámbito afectado por el, suspensión que se extinguirá coa aprobación definitiva do estudo de detalle.

En cumprimento do disposto no artigo 73 e 86.22 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, faise público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte días, contados desde o seguinte ao da última publicación deste anuncio, e poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste concello, para os efectos de que se